

Domingo de Ramos

QUERIDOS IRMÁNS,

Un ano máis chega a nós a noticia da nosa redención, da salvación do mundo, sucedida segundo o plan de Deus nos acontecementos vividos por Xesús, o noso Señor, no seu paso definitivo da morte á vida.

Escoitamos a lectura da Paixón, proclámasenos de novo o Evanxeo, como invitación a aceptar de corazón e a ser partícipes persoalmente desta obra de salvación que celebramos especialmente en Semana Santa, e cada domingo, como realidade xa presente entre nós

Sabemos que se estivésemos no mundo sós, sen Deus e sen esperanza, e vísemos as súas calamidades e guerras, que parecen recomezar indefinidamente, as súas infidelidades e sufrimentos, parecería impoñerse como realidade última unha derrota, completamente contraria ao desexo do noso corazón, á promesa de ben experimentada nas nosas relacións máis verdadeiras. Coma se non houberse modo de que os pasos do noso camiñar tivesen sentido pleno e unha meta alcanzable, de que a felicidade fose para nós algo máis que unha utopía ou un soño.



Pero hoxe facemos memoria viva de que Deus se fixo home, por nós e pola nosa salvación. E podemos recoñecer de novo a tenrura con que o Creador de ceos e terra nos mira, e que nos desvelou querendo estar en brazos da súa Nai recen nado en Belén. E vemos realizarse nel, en Xesús, o amor máis grande, de quen dá a vida polos seus amigos, sen dubidar, mesmo cando se comportan e son aínda os seus inimigos.

No Señor Xesús maniféstanos o corazón de Deus mesmo: pola túa felicidade, pola túa sede de verdade e de xustiza, porque te libres do mal e teñas vida, para que se realice a túa plenitude e non te quedes na morte, asumirei as túas cargas, soportarei as túas dores. Vin para estar contigo e quedarme para sempre, e acompañarte no teu camiño; a facer posible que se encha de verdade e de vida, tecida do máis humano, sostida polo alento da caridade, dunha fe firme, dunha esperanza incansable.

En Getsemaní vemos o amor do Pai para connosco, por quen pide ao Fillo que beba aquel cáliz amargo. E vemos a liberdade do Fillo, de Xesús, grazas ao cal o amor divino habita para sempre no corazón humano, que di que si ao que quere o Pai, e non nega nin rexeita a ningún dos seus irmáns.

Escoitamos como o Señor desexaba aquela noite simplemente a compañía dos seus; e como o cansazo e a debilidade, a nosa fragilidade, impediron que a tivese. O Señor vivirá así unha soidade que, en realidade, seríanos tan allea; pero que invade as vidas e os rostros dos homes, como unha falta de proximidade, de compaixón, de unidade; como ese pecado do que se queixará Xesús no Xuízo: tiña fame, tiña sede, estaba espido, e non viñestes no meu auxilio.

E veu para que non estivésemos xa sós, non se perdese a vida lonxe de Deus e dos irmáns. E levouno a cabo en Getsemaní, naquel primeiro e definitivo Triduo Pascual: morreu para realizar esta compañía, esta unidade; para facer posible esta fraternidade definitiva que non sabemos vivir. Nós non podíamos, quedabamos sós, perdiámonos. El non será derrotado polo noso pecado, o noso cansazo e o noso medo; farase presente resucitado para restaurar unha amizade que parecía rota polo abandono e a morte, e iluminará todo o humano, fará revivir as certezas e a calor do corazón.

Ofrécenos compañía para sempre; xa agora, dando todo o seu valor precioso ao tempo e aos xestos da nosa existencia, a todas as nosas relacións. E definitivamente vencendo a morte na resurrección, na plena comunión con Deus, Pai e orixe de todo ben, de toda vida.

Que a celebración da Semana Santa nos axude a todos a recoñecernos partícipes, persoalmente, deste don da salvación, pola que o Señor Xesús padeceu, morreu e resucitou.

Que así sexa.

Alfonso,
Bispo de Lugo